



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
Xefatura Territorial
Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental
Rúa Fernández Ladreda, 43 4.ª Planta
36003 PONTEVEDRA

Licenzas actividade e Incidencia Telef. 986 805 389
Xurídico Telef. 986 805 328
Rexistro produtores residuos Telef. 986 805 390
Centralita Telef. 986 805 399
Fax: 986 805 398



REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE PONTEVEDRA
PONTEVEDRA

Data 25/01/2016 07:42:16

SAÍDA 4989 / RX 90417



ACIRA METAL S L
O Candao, 2 - Cira
(36587) - Silleda (Pontevedra)

RESOLUCIÓN de inscripción como pequeno produtor de residuos perigosos no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia

Expediente núm.: 2016-PO-I-00022

Técnico: LGV

En relación coa solicitude presentada por **Dolores Moares Vilas**, como representante legal da empresa **ACIRA METAL S L** (CIF: **B94013315**), con domicilio social en **LUGAR O CANDAO, 2 (36587) - SILLEDIA (PONTEVEDRA)**, a Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio iniciou o correspondente procedemento tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES

Primeiro.- O día 14-12-2015 entrou no rexistro desta xefatura territorial a solicitude da dita empresa para a súa inscripción como pequeno produtor de residuos perigosos no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

Segundo.- De conformidade co disposto na Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, e no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, no expediente consta:

- A identificación dos centros de traballo e cantidades de residuos producidos.
- A descrición das condicións de almacenamento.
- O aboamento da correspondente taxa administrativa.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

A Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, somete a comunicación administrativa previa ao órgano autonómico competente en materia de ambiente a actividade desenvolta.

A Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, recolle obrigas concretas para os produtores de residuos emprazados na comunidade autónoma.

O Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, ditamina os requisitos concretos de documentación e garantías para ditos produtores.

O Decreto 59/2009, do 26 de febreiro, polo que se regula a rastrexabilidade dos residuos, establece o réxime de control dos traslados de residuos en Galicia.

O Real decreto 833/1988, do 20 de xullo, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 20/1986, básica de residuos tóxicos e perigosos, establece condicións xerais e específicas para os produtores de residuos perigosos.

De conformidade co establecido no Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, e na súa normativa de desenvolvemento, é competente para resolver este procedemento a Xefatura Territorial de Pontevedra.

Por todo o anterior, a Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, no exercicio das competencias que ten atribuídas, **RESOLVE:**



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
Xefatura Territorial
Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental
Rúa Fernández Ladreda, 43 4.ª Planta
36003 PONTEVEDRA

Licenzas actividade e Incidencia Telef. 986 805 389
Xurídico Telef. 986 805 328
Rexistro-productores residuos Telef. 986 805 390
Centralita Telef. 986 805 399
Fax: 986 805 398

galicia

Primeiro.- Inscribir como pequeno produtor de residuos perigosos á empresa **ACIRA METAL S L** (CIF: **B94013315**), con domicilio social en LUGAR O CANDAO, 2 (36587) - SILLEDA (PONTEVEDRA), e centro de traballo en **O Candao, 2 - Cira (36587) - Silleda (Pontevedra)**, no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia co número **PO-RP-P-PP-02724**.

Segundo.- Rexistrar como producidos na devandita inscrición os seguintes residuos perigosos:

Centro	Código LER	Tipo de residuo
ACIRA METAL S L	080113	Lodos de pintura e verniz que conteñen disolventes orgánicos ou outras substancias perigosas
ACIRA METAL S L	140603	Outros disolventes e mesturas de disolventes
ACIRA METAL S L	150110	Envases Plásticos Contaminados
ACIRA METAL S L	150110	Envases Metálicos Contaminados
ACIRA METAL S L	150202	Absorbentes, materiais de filtración (incluídos os filtros de aceite non especificados noutra categoría), trapos de limpeza e roupas protectoras contaminados por substancias perigosas

Esta inscrición outórgase sen prexuízo das demais autorizacións ou licenzas exixibles polo ordenamento xurídico, e queda suxeita ao cumprimento das seguintes

CONDICIÓNS

Primeira.- Condicionantes xerais.

A entidade titular deberá cumprir en todo momento as prescricións que sobre residuos se establecen na normativa de aplicación para as actividades inscritas, así como nas disposicións e instrucións que se diten nas Administracións do Estado e da Xunta de Galicia en materia de residuos.

Segunda.- Xestión dos residuos producidos.

O titular deberá cumprir as normas técnicas vixentes relativas ao envasado, etiquetado e almacenamento de residuos perigosos. En especial, deberá separar adecuadamente e non mesturar os residuos perigosos, evitando particularmente aquelas mesturas que supoñan un aumento da súa perigosidade ou dificulten a súa xestión.

Terceira.- Arquivo cronolóxico da actividade.

A entidade deberá dispor dun arquivo onde se recollan por orde cronolóxica a cantidade, natureza, orixe, destino e método de tratamento dos residuos, segundo o establecido no artigo 40 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, e nos artigos 10 e 11 do Decreto 59/2009, do 26 de febreiro.

Este arquivo cronolóxico poderá manterse utilizando as aplicacións informáticas dispoñibles para iso no Sistema de Información de Residuos de Galicia (SIRGa).

Cuarta.- Control da rastrexabilidade dos residuos.

O produtor deberá entregar os residuos a un xestor autorizado. As entregas dos residuos entre produtor e xestor deberán realizarse de conformidade coas prescricións contidas no devandito decreto.

Quinta.- Desenvolvemento da actividade.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
Xefatura Territorial
Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental
Rúa Fernández Ladreda, 43 4.ª Planta
36003 PONTEVEDRA

Licenzas actividade e Incidencia Telef. 986 805 389
Xurídico Telef. 986 805 328
Rexistros produtores residuos Telef. 986 805 390
Centralita Telef. 986 805 399
Fax: 986 805 398

galicia

A inscrición está condicionada ao cumprimento das prescricións técnicas establecidas na documentación que se presentou xunto coa solicitude.

Sexta.- Modificacións da actividade.

Calquera modificación da actividade deberá ser comunicada a este centro directivo no prazo máximo dun mes desde a data en que se produza.

Sétima.- Consecuencias do incumprimento das obrigas.

O incumprimento dos termos desta resolución ou da normativa de aplicación poderá dar lugar á incoación do expediente sancionador previsto na Lei 22/2011, do 28 de xullo.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer, no prazo dun mes, recurso de alzada perante a conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, de conformidade co disposto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Mediante este escrito notifícase esta resolución segundo o exixido no artigo 58.1 da dita Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Pontevedra, 18 de xaneiro de 2016



P.S do Xefe Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

Resolución de suplencia das funcións da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de 14 de decembro de 2015

Dolores Bazán Arcay

Xefa do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental